



CONCLUSIÓN MESAS PARTICIPATIVAS

Castelo de Santa Cruz
24 de novembro de 2015



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



Europa inviste na pesca sustentable

www.accioncosteira.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR



UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE PESCA

"Europa inviste na pesca sustentable"

1. **Cómo valoramos a situación actual das zonas costeiras no ámbito do patrimonio cultural mariñeiro, o turismo e o medio ambiente?**

- Patrimonio material e inmaterial abandonado (toponimia, perda dese patrimonio--)
- Rota a cadea de transmisión de coñecemento
- Necesidade de mais cooperación e coordinación. Só accións ailladas
- Non hai ofertas turísticas. Non se aproveitan os recursos da costa: o mar, a pesca e o marisqueo para o turismo
- Medio Ambiente: fatal (Ría do Burgo, Porto Exterior, mareas negras, depuración augas, verquidos...)
- Conxunto vacío: potencialidade enorme pero non sabemos aproveitalo de xeito sostible
- Recursos: Reserva da Biosfera, etnografía, arquitectura, medio ambiente, patrimonio mariñeiro
- Explotación máxima dos recursos ate o punto que a palabra máxima deixe de ser sostible
- Patrimonio marítimo, falta de preservación, falta de unificación de criterios para facer un inventario do patrimonio a protexer (embarcacións tradicionais...)
- Desaparición de oficios tradicionais vencellados ao mar
- Desmantelamento da flota, non interesa conservar as carpinterías de ribeira, non hai escolas de carpintería de ribeira
- Non hai un museo de mar no Golfo Ártabro
- Mais concienciación de medio ambiente pero moitas dificultades burocráticas para facer calquera actuación
- Mais calidade no turismo, ofertando algo diferenciado
- Falta de difusión do produto turístico ao exterior
- Temos unha especie ameazada nun estado único polos usos compatibles

2. Cales son os principais problemas e preocupacións en ditos ámbitos?

Todo tipo de asociacións deben ter igualdade de oportunidades á hora de acceder á financiación dos seus proxectos, sexa en solitario ou en cooperación. Porque así é como se constrúe e reforza unha cidadanía activa, participativa, consciente e constantemente preocupada pola valoración, o coñecemento e a preservación do seu patrimonio histórico, cultural e natural.

- Descoñecemento por parte de casi toda a sociedade do patrimonio mariñeiro
- Nula iniciativa por decisores públicos
- Non se valora o patrimonio nin por valor intrínseco, pedagoxico e turístico
- O mar, a pesca e o marisqueo non se contemplan como recursos turísticos, só algunhas empresas pequenas
- O litoral só se vende como sol e praia, non como patrimonio histórico, cultural e identitario, só como gastronomía
- Depuradoras, sentinazos, urbanismo desordenado do litoral, mareas negras, sentinazos, etc
- Falta de formación, divulgación e comunicación
- Falta de integración, non existe un plan estratéxico que englobe todas as iniciativas, a todas as persoas, as administracións, sector privado
- Falta de acceso á financiación de asociacións pequenas
- Pérdida de apego pola cultura artesanal
- Descoñecemento para presentar proxectos polos promotores
- Falta de contidos e de programas para as infraestruturas

3. Cales poden ser as áreas emerxentes e as oportunidades que se lle ofrecen ao territorio cara o futuro?

- Posta en valor do patrimonio con todos os seus recursos: natural , cultural, profesional, etc...
- Identificación de atractivos turísticos para públicos a nivel estatal, local, comarcal...
- Sacar á xente das formas de ocio imperantes, novas alternativas
- Identificación e catalogación de todo tipo de recursos
- Educación e sensibilización ambiental para todos incluídos decisores
- Turismo de mar dende a costa e dende o mar
- Plan integral de turismo dende o GALP
- Fomento do turismo vinculado a cultura tradicional e ao patrimonio natural e mariñeiros
- Innovación no tema do mar e medio ambiente
- Potencial de turismo ornitolóxico: especies ameazadas que conviven coas artes de pesca
- Dispoñemos un colectivo amplo de asociacións con coñecemento da riqueza patrimonial do territorio
- Reunense as condicións para ampliar as zonas protexidas

4. A que obxectivos deben aspirar as zonas costeiras para acadar o seu desenvolvemento sostible?

- Liderar de verdade un modelo sostible e exemplar vinculado á Reserva da Biosfera, á historia, patrimonio natural e cultural e que todo redunde en calidade de vida e nunha sociedade máis consciente e orgullosa de si mesma
- Os destinos turísticos mais atractivos son aqueles onde a xente cuida o seu territorio, aqueles que preservan a súa orixinalidade
- Turismo náutico, de cruceiros
- Crear marca identificativa da zona
- Sostibilidade intelixente, aportar cousas novas o outros criterios
- Creación de figuras únicas (museo do mar)
- Máis frecuencia de mesas participativas
- Coordinación de todos os colectivos implicados (ecoloxistas, administración, empresas...)
- Proxectos colaborativos
- Dar a coñecer os traballos xa feitos sobre os recursos do territorio
- Recuperación de elementos patrimoniais abandonados
- Integración social de persoas con discapacidade nas actividades náuticas
- Crear itinerarios temáticos como turismo alternativo
- Ampliación de paquetes turísticos integrados
- Sensibilización medioambiental
- Usos pesqueiros e náuticos compatibles co medio ambiente